DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES
Sección de Cultura e Deportes
PREM-JN/2021
Exp.: 2021000000919

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO XVI PREMIO INTERNACIONAL “JESÚS NÚÑEZ” DE ARTE GRÁFICA**

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a resolución da presidencia núm. 4752, de 11 de febreiro de 2021, pola que se aproban as Bases do XVI Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica.

Visto tamén que as citadas Bases foron publicadas no BOP núm. 36 do 24 de febreiro de 2021.

**RESOLVO:**

1º. Aprobar a convocatoria do XVI Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica , de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por resolución do presidente núm. 4752, de 11 de febreiro de 2021.

2º. A convocatoria rexerase polas Bases do premio que foron publicadas no BOP núm. 36 do 24 de febreiro de 2021 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/02/24/2021_0000001437.pdf)

3º.O prazo iniciarase o día 1 de xuño de 2021 e rematará o día 30 de xullo de 2021.

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

**ANEXO**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES
Sección de Cultura e Deportes
PREM-JN/2021
Exp.: 2021000000919

## GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do XVI Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica. O texto completo do Certame pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

**Primeiro. Beneficiarios**

Poderán optar ao premio todas as persoas maiores de idade, que non obtivesen o premio nos cinco anos anteriores a este, e que presenten obras non premiadas en ningún outro concurso ou certame.

**Segundo. Obxecto**

Convocar para o exercicio 2021 o XVI Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica, na liña de apoio á creación artística que leva a cabo a Deputación da Coruña e, en concreto, ao desenvolvemento da arte gráfica, así como, en recoñecemento ao labor realizado pola Fundación "Centro Internacional da Estampa Contemporánea" de Betanzos e á ampla traxectoria do artista Jesús Núñez, o seu fundador.

**Terceiro. Bases reguladoras**

A convocatoria rexerase polas Bases, que foron publicadas no BOP núm. 36 do 24 de febreiro de 2021 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/02/24/2021_0000001437.pdf)

**Cuarto. Contía**

O importe da consignación ascende a un total de 6.500,00 €, con cargo á partida 0612/3342/481 do Orzamento ordinario para 2021.

Establécense os seguintes premios:

* Primeiro premio dotado con **6.500 €** e unha exposición na Fundación CIEC.

* Dous accésits consistentes cada un deles nunha bolsa de matrícula dun módulo do Máster de Obra Gráfica impartido pola Fundación CIEC.

O premio poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

**Quinto. Catálogo**

O xurado poderá seleccionar un máximo de 30 obras que considere de calidade para seren incluídas nunha publicación, conforme o establecido na base segunda das Bases do premio.

**Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día 1 de xuño de 2021 e rematará o día 30 de xullo de 2021.

**Outros datos de interese**

**As solicitudes** enviaranse á Deputación Provincial da Coruña, Avda Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, no modelo que figura como anexo das Bases do premio.

**As obras** enviaranse á Fundación CIEC, rúa do Castro 2, 15300 Betanzos, A Coruña, no sobre indicarase: *"XVI Premio internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica*.

As obras presentaranse asinadas, sen enmarcar e ao dorso deberá figurar o nome e apelidos do/a autor/a, e o ano da súa realización e a copia da solicitude remitida á Deputación Provincial da Coruña.

**CASTELLANO**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.la) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del XVI Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfico. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

**Primero. Beneficiarios**

Podrán optar al premio todas las personas mayores de edad, que no lo hubiesen obtenido en los cinco años anteriores a éste, y que presenten obras no premiadas en ningún otro concurso o certamen.

**Segundo. Objeto**

Convocar para el ejercicio 2021 el XVI Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfico, en la línea de apoyo a la creación artística que lleva a cabo la Diputación de A Coruña y en concreto al desarrollo del arte gráfico, así como en reconocimiento a la labor realizada por la Fundación Centro

Internacional de la Estampa Contemporánea de Betanzos y a la amplia trayectoria del artista Jesús Núñez, su fundador.

**Tercero. Bases reguladoras**

La convocatoria se regirá por las Bases, que fueron publicadas en el BOP número 36, de 24 de febrero de 2021, (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/02/24/2021_0000001438.pdf)

**Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación asciende a un total de 6.500,00 €, con cargo a la partida 0612/3342/481 del Presupuesto ordinario para 2020.

Se establecen los siguientes premios:

* Primer premio dotado con **6.500 €** y una exposición en la Fundación CIEC.

* Dos accésits consistentes cada uno de ellos en una bolsa de matrícula de un módulo del Máster de Obra Gráfica impartido por la Fundación CIEC.

El premio podrá quedar desierto y ser concedido con carácter ex aequo; en este caso, su importe se repartirá proporcionalmente entre las persoas que resulten premiadas.

**Quinto. Catálogo**

El jurado podrá seleccionar un máximo de 30 obras que considere de calidad para ser incluidas en una publicación, conforme con lo establecido en la base segunda de las Bases del premio.

**Sexto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará el día 1 de junio de 2021 y acabará el día 30 de julio de 2021.

**Otros datos de interés**

**Las solicitudes** se enviarán a la Diputación Provincial de A Coruña, Avda Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, en el modelo que figura como anexo de las Bases del premio.

**Las obras** se enviarán a la Fundación CIEC, rúa do Castro 2, 15300 Betanzos, A Coruña, en el sobre se indicará: *"XVI Premio internacional "Jesús Núñez" de arte gráfico*.

Las obras se presentarán firmadas, sin enmarcar y al dorso deberá figurar el nombre y apellidos del autor o de la autora, y el año de su realización y la copia de la solicitud remitida a la Diputación Provincial de A Coruña.